



XUNTA DE GALICIA

galicia

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E A FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓN DE PERSOAS XORDAS DE GALICIA (FAXPG)

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2018

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra banda, Iker Sertucha Lista, en condición de presidente da Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG), actuando en nome e representación desta.

Ámbalas dúas partes, en nome e representación na que concorren coa capacidade legal necesaria para este acto

EXPOÑEN

Primeiro.- As persoas xordas e xordo cegas enfróntanse diariamente con barreiras de comunicación, entendendo estas, segundo a Lei 10/2014 do 3 de decembro, de accesibilidade de Galicia, como “impedimentos para a expresión e recepción de información ou mensaxes, sexa por comunicación directa ou a través dos medios de comunicación”, que limitan o seu acceso ó entorno físico, produtos, servizos, información e comunicacións, impedindo a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións.

As persoas xordas teñen como linguaxe natural a Linguaxe de Signos, lingua adaptada ás súas necesidades e que permite unha completa comprensión e expresión de mensaxes. Trátase dunha lingua propia en toda a súa extensión, estruturada, con características lingüísticas e que se constitúe como vehículo de transmisión de información efectivo.

O coñecemento da Linguaxe de Signos por parte das persoas xordas e xordo cegas favorece a súa posibilidade de interacción co medio que lles rodea, pero este medio vese reducido na medida en que a maioría das persoas que o integran son persoas oíntes que descoñecen a súa lingua e os contornos non se adaptan ás súas necesidades específicas de comunicación.





Segundo.- A Constitución Española establece no seu artigo 9.2 que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade dos individuos sexan efectivas.

O Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, establece, no seu artigo 22, que as persoas con discapacidade teñen dereito a vivir de forma independente e a participar plenamente en todos os aspectos da vida. Para iso, os poderes públicos adoptarán as medidas pertinentes para asegurar a accesibilidade universal, en igualdade de condicións coas demais persoas, nas contornas, procesos, bens, produtos e servizos, o transporte, a información e as comunicacións, incluídos os sistemas e as tecnoloxías da información e as comunicacións, así como os medios de comunicación social e noutros servizos e instalacións abertos ao público ou de uso público, tanto en zonas urbanas como rurais.

Asemade, a Convención da ONU ratificada en Nova York o 13 de decembro de 2006 e aprobada por España o 23 de novembro de 2007, establece no seu artigo 21 que os Estados membros da Unión Europea deberán “aceptar e facilitar a utilización da lingua de sinais, o Braille, os modos, medios, e formatos aumentativos e alternativos de comunicación e todos os demais modos, medios e formatos de comunicación accesibles que elixan as persoas con discapacidade nas súas relacións oficiais”.

A Lei 27/2007, do 23 de outubro, pola que se recoñecen as linguas de signos españolas e se regulan os medios de apoio á comunicación oral das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo cegas, no seu artigo 12, establece que as Administracións públicas competentes promoverán a prestación de servizos de intérpretes en lingua de signos española e/ou nas linguas de signos propias das comunidades autónomas se as houbese, no caso de que así se solicite previamente, para as persoas que sexan usuarias da mesma, ao obxecto de facilitar as relacións das persoas xordas, con discapacidade auditiva e xordo cegas coas Administracións públicas.

Terceiro.- Á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co disposto no Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a súa estrutura orgánica, correspóndenlle, entre outras, as competencias en materias de relacións institucionais e parlamentarias, sendo unha das liñas prioritarias desta Vicepresidencia e Consellería o fomento daquelas actividades que, promovidas por entidades sen fins de lucro, presten apoio e promovan a integración social dos colectivos con discapacidade en orde a promover as condicións necesarias para que a liberdade e a igualdade das persoas sexan reais e efectivas.

Para tal efecto, en concreto, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ten interese en que todos os actos institucionais cheguen en condicións de igualdade aos colectivos máis desfavorecidos.





Cuarto.- A FAXPG é unha entidade sen ánimo de lucro, inscrita no Rexistro de Asociacións co número 107 e no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número E-204.

A FAXPG ten como misión “xerar as condicións que, tomando como base a identidade xorda e a súa diversidade, aseguren o desenvolvemento global das persoas xordas e xordo cegas de Galicia en condicións de accesibilidade universal e igualdade de oportunidades”.

De forma específica, a FAXPG ten como un dos seus fins estatutarios “fomentar a accesibilidade universal das persoas xordas e xordo cegas en todos os contornos, públicos e privados, asegurando o pleno acceso á información e á comunicación”.

Neste senso, a FAXPG fomenta a autonomía e a independencia das persoas xordas e xordo cegas a través de actuacións orientadas á eliminación das barreiras de comunicación en todos os ámbitos e, de forma específica, nos contornos públicos e institucionais.

O principal instrumento para a eliminación das barreiras de comunicación no ámbito das relacións institucionais e a participación nos contornos e actividades derivadas de estas é o “Intérprete de lingua de signos española e guía intérprete de persoas xordo cegas” (ILSE-GI), profesional que interpreta e traduce a información da lingua de signos á lingua oral e viceversa co fin de asegurar a comunicación entre as persoas xordas e xordo cegas, que sexan usuarios/as desta lingua, e o seu contorno social.

CLÁUSULAS

Primeira.- OBXECTO

O obxectivo do presente convenio de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a FAXPG é o fomento da accesibilidade das persoas xordas e xordo cegas, en relación coas actividades institucionais que se celebren no ano 2018, dirixidas á poboación xeral ou a colectivos específicos de todas as áreas da Administración da Xunta de Galicia.

Segunda.- OBRIGAS DA VICEPRESIDENCIA

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para compensar os custos que deriven da realización das actividades obxecto do convenio aportará a cantidade de 2.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 2018 05.24.121C.640.0.

Terceira.- OBRIGAS DE FAXPG

A FAXPG asume o compromiso de colaborar co departamento correspondente, facilitando os medios persoais necesarios cara a garantir o acceso á información facilitada nos actos





XUNTA DE GALICIA

galicia

institucionais da Xunta de Galicia ao colectivo incluído no ámbito de aplicación da federación.

Para acreditar o cumprimento das cláusulas deste convenio, a FAXPG entregará á Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza a seguinte documentación:

1. Un certificado asinado por persoa responsable onde se exprese que por parte da federación se realizou a totalidade do obxecto do convenio.
2. Unha memoria xustificativa das actuacións realizadas.

Ademais a FAXPG comprométese a realizar as seguintes accións:

- Difundirá na súa páxina web todos os actos que se desenvolvan baixo o presente convenio de colaboración.
- Ofrecerá dúas accións formativas de lingua de signos española en períodos non lectivos ao persoal da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
- Facilitará os medios persoais necesarios para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio en beneficio do colectivo incluído no ámbito de aplicación da federación, o día da Discapacidade.

Cuarta.- XUSTIFICACIÓN

A FAXPG deberá acreditar a realización do obxecto do convenio por importe igual ou superior á cantidade de 2.000 € mediante a achega de facturas, nóminas ou outros documentos.

Quinta.- RELACIÓN ENTRE AS PARTES

A sinatura do presente convenio non supón relación laboral, contractual ou de calquera tipo entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades e a entidade que o asina, de tal xeito que non se lle pode esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria polos actos ou feitos acontecidos no desenvolvemento do mesmo.

Sexta. - SEGUIMIENTO DO CONVENIO

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta paritaria, integrada por un representante da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e un representante da FAXPG.

A comisión mixta ditará as súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

As súas funcións serán:





- Interpretación do convenio
- Proposta, se é o caso, de addendas
- Intervención previa á resolución por incumprimento
- Coordinación das funcións das dúas administracións
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio.

Sétima.- PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da Administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2006.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

Oitava.- DURACIÓN

A vixencia deste convenio de colaboración estenderase dende a súa sinatura ata o 30 de decembro de 2018. O presente convenio poderá prorrogarse a solicitude de calquera das partes asinantes cun previso de dous meses.

Novena.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) A denuncia do convenio de colaboración por calquera das dúas partes.
- b) O incumprimento total ou parcial dalgunha das cláusulas do presente convenio.
- c) O transcurso do tempo estipulado sen que se teñan realizado as actividades acordadas.

Décima.- NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO APLICABLE

O presente convenio ten carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo e, no seu defecto, polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse; pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e polo Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes





XUNTA DE GALICIA

galicia

públicos e de colaboración con particulares; e pola demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

A Administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio. As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio serán resoltas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa.

Contra a resolución que poña fin á vía administrativa poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa ante o Tribunal Superior de Xustiza, sen prexuízo da interposición do recurso potestativo de reposición, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

E para que quede constancia asinan o presente convenio por duplicado exemplar, no lugar e data indicados

O vicepresidente e conselleiro de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O presidente da Federación de Asociacións
de Persoas Xordas de Galicia

Federación de Asociacións de
Persoas Xordas de Galicia
Iker Sertucha Lista